

### ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA

**ASUNTO: AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2016 A 2019. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN. (exp-29-2016). APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**

Sendo as 12:00 horas do día 29 de agosto de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Comisión Avaliadora, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- Don Carlos Álvarez Llamas, da Sección de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.
- Don José Manuel Río Espiño, Comisario do Feiral.
- Dona Rosa Díaz Iglesias, Administrativa do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como secretaria.


Abre a sesión o Sr. Presidente e procedese por parte da Sra. Secretaria á lectura do informe do Negociado de Rexistro do día 29 de agosto de 2016 no que se pon de manifesto que á presente licitación presentáronse as seguintes plicas:

- 1.- RAMIRO LÓPEZ LÓPEZ (CASETA LA PALLOZA)
- 2.- MARIA CARMEN PÉREZ RODRÍGUEZ (CASETA MANOLO DE MARCE)
- 3.- PULPERIAS AURORA E HIJOS, S.L
- 4.- HOTEL TORRE DE NÚÑEZ, S.L
- 5.- FRANCISCO JAVIER IRIMIA CARRERA
- 6.- BRUXA CONSULTING S.L

De seguido procédese á apertura da documentación administrativa presentada polas citadas empresas e persoas físicas no sobre A, comprobando se conteñen o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, e concluíndose por parte dos membros da Comisión Avaliadora que as mesmas presentan correctamente a documentación administrativa requirida, coa única salvidade que na documentación da empresa BRUXA CONSULTING, S.L. non se achegaba o DNI do representante. Conforme ao disposto no artigo 81 do R. D. 1098/2001, de 12 outubro, postos en contacto telefónico coa citada persoa, por parte desta achegouse o referido documento por medios electrónicos, sendo aceptado pola Comisión Avaliadora, sen necesidade polo tanto da concesión do prazo de tres días hábiles para a súa subsanación.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA



Asdo: Rosa Díaz Iglesias